

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 22 DE
ABRIL DE 2026, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día vinte e dous de abril de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25/03/2026)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria do día 25/03/2026 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

A Presidencia sinala que o grupo municipal do BNG presentou unha moción o día 21 ás 23:00 horas e que queda para o seguinte pleno.

2º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a se segue pensando que ese proceso do do Plan de Sostenibilidade Turística Terras de Santiago se realizou con todas as garantías, a Presidencia contesta que si.

2º.- Sobre a documentación do arquivo histórico de Arxentina, a Presidencia di que aínda non localizou o convenio asinado a finais de 2008. Ese convenio asinouse coa Sociedade de residentes do municipio de Vedra en Bos Aires. A día de hoxe esa sociedade non ten actividade, pero o concello si mantivo a relacións durante todos estes anos coas persoas que quedaron no seu momento dirixindo a sociedade. Hai un acordo por cumprir, que é enviarlle unha copia da documentación para Bos Aires.

Intervén o Sr. Pose, do BNG, para dicir que iso xa se recollía no convenio orixinal.

A Presidencia responde que é un compromiso propio coa entidade e espera telo cumprido antes do final da lexislatura.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a que fagan un traballo de divulgación para dar a coñecer aos veciños esa documentación, a Presidencia di que toman nota.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á posibilidade de pegar a beirarrúa ao peche e gañar un espazo para aparcar ao lado do centro de saúde, a Presidencia responde que é unha boa idea e que o levarán a cabo no momento en que poidan.

2º.- Sobre o estado do punto limpo, a Presidencia responde que xa llo comunicaron á empresa e de agora en diante estarán pendentes do tema.

5º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se está solucionado o tema do streaming dos plenos, porque hai veciños que lle din que non se escoita.

O Sr. Cernadas, do PP, responde que está solucionado.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta cantas vacantes quedaron na Escola Infantil Municipal unha vez rematado o prazo de solicitude.

2º.- Roga que se inste á Consellería de Sanidade a que reconsidere as medidas adoptadas para poder recuperar a atención sanitaria dos sábados no centro de saúde. Moita da poboación do concello é maior e para eles non é o mesmo desprazarse ao centro de saúde de Vedra que a Santiago.

3º.- Roga que se inste á Consellería de Educación a que envíe un profesor de pedagogía terapéutica, tal e como reivindica a ANPA do CEIP Ortigueira e non esperar a setembro. Cando un centro e unha ANPA solicitan un profesorado desas características é porque ten alumnado que o precisa. Neste momento un profesorado itinerante non soluciona nada, porque se hai alumnado con necesidades educativas especiais, que sexan atendidos martes e xoves non lle soluciona nada, porque ese tipo de alumnado necesita unha atención constante.

-- O Sr. Pose, do BNG, quere deixar constancia que é a primeira vez en catorce anos que leva de concelleiro que non se debate a urxencia dunha moción.

A Presidencia contesta que cre que houbo máis casos.

Conclúe ao fío das vinte horas e corenta e dous minutos.

Asdo: A Secretaria: María Elena Sueiro Fernández

Asdo: O Alcalde: Carlos Martínez Carrillo